

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 21 DE MARZO DE 2024

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e

Protección do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

Enlace de Igualdade

Comendador Rey, Beatriz

Representantes PDI

Barriocanal López, Yolanda

Representante PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Representante Egresados

Lozano González, Carlos

Representante da Sociedade

Díaz Naya, Rosa M^a

A comisión realízase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o xoves 21 de marzo de 2024, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións do 18 de decembro de 2023 (ordinaria) e do 28 de febreiro de 2024 (extraordinaria).

2. Informe do presidente.

3. Validación, se procede, da listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021 (60 créditos de Formación Básica).

4. Validación, se procede, do rexistro dos seguintes procedementos:

-R1 e R2 PE-01. Identificación das necesidades e das necesidades de formación do PAS do Centro

-R2 PE-02. Listaxe de accións formativas do PDI derivadas de necesidades detectadas

-R1 IA-01. Necesidades de recursos e servizos

5. Asuntos de urxencia.

6. Rolda de intervencións.

DESCULPAN AUSENCIA

Colaboradora de Calidade

López Díaz, María

Representante estudiantado

Domínguez Carrera, Lucía

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións do 18 de decembro de 2023 (ordinaria) e do 28 de febreiro de 2024 (extraordinaria).

As Actas son aprobadas por asentimento.

2. Informe do presidente.

O presidente comeza comentando distintas accións realizadas no marco do Plan de Captación. Comenta os talleres realizados por Xeitura en centros das provincias de Ourense e Pontevedra. Destaca as tres xornadas (16 de febreiro, 18 e 20 de marzo) do programa *Coñece o Campus*, coa asistencia de preto de 1200 alumnos de distintos institutos para coñecer as titulacións, oferta formativa e o que poden atopar no campus; dentro deste marco presentáronse as ofertas de Xeografía e Historia, do PCEO e o Mestrado. Considera o presidente que se trata dunha iniciativa moi positiva e que foi ben acollida por todos os centros. Tamén dá conta da Xornada celebrada no Instituto das Lagoas o 13 de marzo, presentando as titulacións da Facultade ao alumnado de segundo de Bacharelato e sinala que a intención do vicerreitorado e dos decanos e decanas é que esta xornada tamén se integre no programa *Coñece o Campus*.

A continuación informa que se remitiu en tempo e forma o Resumo de accións de mellora incorporadas no SGIC e as alegacións ao Informe provisional de renovación da certificación da implantación do SGC da Facultade de Historia que foron aprobadas na xuntanza extraordinaria da comisión de Calidade do pasado 28 de febreiro, felicitándose de que este informe, aínda provisorio, resultase favorable e agradece aos mesmos das comisións as achegas realizadas durante o proceso.

Dá conta, asemade, que xa se está a traballar no Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, pendente de recibir diversos indicadores que elabora a Área de Apoio a Centros e Departamentos e que este ano vai con certo atraso como consecuencia da sobrecarga de traballo que soportan os responsables desta Área debido a diversos factores, entre eles os derivados da implantación de Sigma.

3. Validación, se procede, da listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021 (60 créditos de Formación Básica).

O decano lembra que na xuntanza da comisión de calidade do 10 de novembro de 2023 validárase a declaración de interese para Modificación do título de Grao en Xeografía e

Historia para adaptarse ao RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade que implicaba o cambio de adscrición do Título do ámbito de Artes e Humanidades ao novo ámbito de Historia, Arqueoloxía, Xeografía, Filosofía e Humanidades. Con posterioridade, a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia acordou requirir ás Universidades do SUG para que completen as solicitudes de modificación non substancial tramitadas en decembro, engadindo no apartado 4 da solicitude a listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título. A este respecto existen dúas opcións: ou ben adscribir a totalidade dos 60 créditos de formación básica ao ámbito de coñecemento ou ben incluír un mínimo de 30 créditos ECTS. Sinala que tanto o equipo decanal como a coordinación do título non consideran que exista inconveniente en seguir a primeira das opcións, o cal nos evita o proceso de discusión e de selección das cinco materias de formación básica que serían recoñecidas e as cinco que non, e mesmo ampliar o catálogo puidera ser un mecanismo para atraer máis alumnado, sobre todo no hipotético caso de que algún día a Consellería cambie o criterio de contabilización do mesmo.

En consecuencia, o que se somete a validación da comisión é a proposta de adscribir a totalidade dos 60 créditos de formación básica ao ámbito de Historia, Arqueoloxía, Xeografía, Filosofía e Humanidades.

A proposta é validada por unanimidade

4. Validación, se procede, do rexistro dos seguintes procedementos:

-R1 e R2 PE-01. Identificación das necesidades e das necesidades de formación do PAS do Centro

-R2 PE-02. Listaxe de accións formativas do PDI derivadas de necesidades detectadas

-R1 IA-01. Necesidades de recursos e servizos

O decano cede a palabra ao coordinador de Calidade, prof. Antonio Presedo, quen comenta que se trata das necesidades de formación do PDI, do PAS e das necesidades específicas de recursos. Retrasouse a súa aprobación o máis posible para facer que coincidise co informe de revisión pola dirección.

Os informes son validados por asentimento.

4. Asuntos de urxencia.

Non hai.

5. Rolda de intervencións.

Non se producen.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 horas do día 21 de marzo de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro